

**ORDENANZA FISCAL Nº IV.1 XERAL DE  
CONTRIBUCIÓNES ESPECIAIS**

\*\*\*\*\*

**FUNDAMENTO E RÉXIME**

**Artigo 1**

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 59 da lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establece e esixe Contribucións Especiais pola realización ou polo establecemento ou ampliación de servizos municipais, que se regularán pola presente Ordenanza redactada conforme ó disposto nos artigos 28 a 37 da Lei 39/88 citada.

**FEITO IMPOÑIBLE**

**Artigo 2**

1. O Feito Impoñible estará constituído pola obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter local, por este Concello de Vilagarcía de Arousa.
2. Ós efectos do apartado anterior, terán a consideración de obras e servizos locais os seguintes:
  - a) Os que realice o Concello dentro do ámbito da súa capacidade e competencia para cumprilos fins que lle estean atribuídos excepción feita dos que aquel execute en concepto de dono dos seus bens patrimoniais.
  - b) Os que realice o Concello por serlles concedidos ou transferidos por outras Administracións públicas e aqueles nos que a titularidade fora asumido de acordo coa Lei.
  - c) Os que realicen outras Entidades públicas, inclusive Mancomunidade, Agrupación ou Consorcio ou os concesionarios das mesmas, con aportacións económicas municipais
3. Non perderán a consideración de obras ou servizos municipais os comprendidos no apartado a) do número anterior, aínda que sexan realizados por organismos autónomos ou persoas xurídicas dependentes do Concello, incluso cando estean organizados en forma de sociedade mercantil, por concesionarios con aportacións municipais, ou polas Asociacións administrativas de contribuíntes.

**DEVENGO**

**Artigo 3**

1. Devengarase o tributo, nacendo a obriga de contribuír por Contribucións Especiais, dende o momento en que las obras foron executadas ou dende que o servizo comezara a prestarse. Se as obras fosen fraccionables, a obriga de contribuír para cada un dos contribuíntes nacerá dende que se executen as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra.
2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, unha vez aprobado o expediente de aplicación, o Concello poderá esixir por anticipado o pago das Contribucións Especiais en función do importe dos gastos previstos para os próximos seis meses. Non poderá esixirse o anticipo dun novo semestre sen que foran executadas as obras para as que se esixiu o correspondente anticipo.
3. Terase en conta o momento da obriga de contribuír ós efectos de determina-la persoa obrigada ó pago, aínda cando no acordo concreto de ordenación figure como suxeito pasivo quen o sexa con referencia á data do acordo da súa aprobación aínda que o mesmo anticipase o pago de cotas, de conformidade co disposto no número 2 deste artigo. Cando a persoa que figure como suxeito pasivo no acordo de ordenación debidamente notificado transmitise os dereitos sobre os bens ou explotacións que motivan a imposición no período comprendido entre a aprobación deste acordo e o nacemento da obriga de contribuír, estará obrigada a dar conta á Administración municipal, dentro do prazo de un mes, da transmisión efectuada, e se non o fixera, esta administración poderá esixí-la acción para o cobro, mesmo por vía de constriximento, contra quen figuraba como contribuínte en nese expediente.
4. As Contribucións Especiais fundaranse na mera execución das obras ou servizos e serán independentes do feito da utilización dunhas e doutras polos interesados.

**SUXEITOS PASIVOS**

**Artigo 4**

1. Son suxeitos pasivos das Contribucións Especiais, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio

separado, susceptible de imposición, especialmente beneficiadas pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos locais que orixinan a obriga de contribuir.

2. Considéranse persoas especialmente beneficiadas:
  - a) Nas Contribucións Especiais por execución de obras ou establecemento, ampliación ou mellora de servizos municipais que afecten a bens inmobles, os propietarios dos mesmos.
  - b) Nas Contribucións Especiais correspondentes a obras ou establecemento ou ampliación de servizos realizados por razón de explotacións empresariais, as persoas ou entidades titulares destas.
  - c) Nas Contribucións Especiais polo establecemento, ou ampliación ou mellora dos servizos municipais de extinción de incendios, as compañías de seguros que desenvolvan a súa actividade no ramo no termo municipal, ademais dos propietarios dos bens afectados.
  - d) Nas Contribucións Especiais por construción de galerías subterráneas, as empresas subministradoras que deben empregalas.

## **RESPONSABLES**

### **Artigo 5**

1. Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización de unha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.
2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición; responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.
3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, que consentiran no incumprimento por quen dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprimentar

polas persoas xurídicas que cesarán nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a estas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

## **BASES IMPOÑIBLES E DE REPARTO**

### **Artigo 6**

1. A base imponible das Contribucións Especiais determinarase en función do custo total das obras ou dos servizos que se establezan, amplíen ou melloren, sen que o seu importe poida exceder en ningún caso do 90 por 100 do custo que o municipio soporte.
2. O custo da obra ou do servizo estará integrado polos seguintes conceptos:
  - a) O valor real dos traballos periciais, de redaccións de proxectos, plans e programas técnicos, ou o seu valor estimado, cando non haxa lugar a ningunha remuneración especial.
  - b) O importe das obras a realizar ou dos servizos que se establezan, amplíen ou melloren. Dentro do citado importe, computarase, no seu caso, o valor da prestación persoal e de transportes.
  - c) O valor dos terrenos que ocupen permanentemente as obras ou servizos, agás que se trate de bens de uso público ou de terrenos cedidos gratuíta e obrigatoriamente do Municipio, ou dos inmobles cedidos nos termos establecidos no artigo 77 da Lei do Patrimonio do Estado.
  - d) As indemnizacións procedentes pola derruba de construcións, destrucións de plantacións, obras ou instalacións, así como as que procedan ós arrendatarios de bens que han de ser derrubados ou ocupados.
  - e) O interese do capital investido nas obras ou servizos mentres non fose amortizado, cando o Concello apelase de apelar ó crédito para financiar a porción non cuberta por Contribucións Especiais. A estes efectos entenderase como interese do capital investido, a suma dos valores actuais (calculados matematicamente ó mesmo tipo que se vaia a contrata-la operación de crédito de que se trate) dos intereses integrantes de cada unha das anualidades que deba satisfacerlo Concello..
3. O custo total presupostado das obras ou servizos terá carácter de mera previsión. En consecuencia, se o custo efectivo fose maior ou menor que o previsto, rectificarse, como proceda, o sinalamento das cotas correspondentes.

4. Cando se trate de obras ou servizo ós que se refire o artigo 2º. 2 c) ou das realizadas polos concesionarios con aportacións municipais, a que se refire o número 3 do mesmo artigo, a base imponible determinarase en función do importe das aportacións municipais, sen prexuízo das que poidan impoñer as outras administracións públicas por razón da mesma obra ou servizo. Respetarase en todo caso o límite do 90 por 100.
5. No caso de que un suxeito pasivo entregue subvención ou auxilio para a realización dunha obra ou servizo, o seu importe destinarase a compensar a cota da respectiva persoa ou entidade. Se o valor da subvención ou auxilio excedera da cota do suxeito pasivo, o exceso destinarase a reducir a prorrata, as cotas dos demais contribuíntes.
6. Entenderase por custo soportado polo Concello, a contía resultante de resta-la cifra do custo total, ó importe das subvencións ou auxilios que o Concello obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade pública ou privada.

#### Artigo 7

O importe total das Contribucións Especiais repartirase entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras ou servizos, con suxeición ás seguintes regras:

- a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta ou illadamente, como módulos de reparto os metros lineais de fachada dos inmobles, a súa superficie, o volume edificable e o valor catastral a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.
- b) Se se trata do establecemento e mellora do servizo de extinción de incendios poderán ser distribuídas entre as entidades ou sociedades que cubran o risco por bens situados neste termo municipal, proporcionalmente ó importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior. Se a cota esixible a cada suxeito pasivo fora superior ó 5 por 100 do importe das primas recadadas polo mesmo, o exceso trasladarase ós exercicios sucesivos ata a súa total amortización.
- c) No caso de obras de construción de galerías subterráneas, o importe total da Contribución Especial distribuirase entre as compañías ou empresas que han de utilizalas en razón do espazo reservado a cada unha ou en proporción á total sección das mesmas, aínda cando non as empregan inmediatamente.

#### EXENCIÓNS, REDUCCIÓNS E BONIFICACIÓNS TRIBUTARIAS

#### Artigo 8

Non se recoñece neste tributo ningún beneficio fiscal, agás os que se establezan expresamente en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais. Neste último suposto, as cotas que corresponderían ós beneficiarios non se distribuirán entre os demais contribuíntes.

#### IMPOSICIÓ E ORDENACIÓ

##### Artigo 9

1. A exacción das Contribucións Especiais:

O tipo a aplicar de contribucións especiais será da seguinte forma, en función do custo das obras:

Obras subvencionadas ata ó 25%.....	20%
Id. ata ó 50%.....	18%
Id. ata ó 75%.....	15%
Id. superior ó 75%.....	10%

2. O acordo relativo á realización dunha obra ou dun servizo que deba custearse mediante contribucións especiais non poderá executarse ata que sexa aprobada a ordenación concreta destas
3. O acordo de ordenación conterà a determinación do custo previsto da obra ou servizo, a cantidade a soportar entre os beneficiarios e os criterios de reparto, debendo remitirse ó disposto nesta Ordenanza Xeral en todo o demais.
4. Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación de Contribucións Especiais, as cotas que correspondan a cada contribuínte terán que ser notificadas individualmente se o interesado fora coñecido, ou, no seu caso por edictos. Os interesados poderán formular recurso previo de reposición ante o Concello, que poderá versar sobre a procedencia das Contribucións Especiais, a porcentaxe do custo que deban satisfacer as persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asignadas.

#### XESTIÓ E RECADACIÓ

##### Artigo 10

O tempo do pagamento en período voluntario suxeitarase ó disposto polo artigo 20 e disposicións concordantes do Regulamento Xeral de Recadación e demais lexislación xeral tributaria do Estado e ó que se dispoña na Lei Reguladora das Facendas Locais.

##### Artigo 11

Unha vez determinada a cota a satisfacer, o Concello poderá conceder, a solicitude do contribuínte,

o fraccionamento ou aplazamento daquela por un prazo máximo de cinco anos.

#### Artigo 12

Cando as obras e servicios polas que se impoñan as Contribucións Especiais sexan realizados coa colaboración económica doutra Entidade Local, a xestión e realización daquelas levaranse a efecto pola entidade que tome ó seu cargo a realización das obras ou servicios, debendo cada entidade adoptar-los respectivos acordos de imposición e ordenación con total independencia. Se algunha destas entidades non aprobasen o acordo concreto de ordenación, quedará sen efecto a unidade de actuación, adoptándose separadamente as decisións que procedan.

#### Artigo 13

Nos casos de réxime de propiedade horizontal, a representación da Comunidade de Propietarios facilitará á Administración Municipal o nome dos copropietarios e o seu coeficiente de participación na Comunidade co fin de proceder ó xiro de cotas individuais. De non facerse así, entenderase aceptado o que se xire unha única cota, distribución da que se ocupará a propia Comunidade.

### COLABORACIÓN CIDADÁ

#### Artigo 14

1. Os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán constituirse en Asociacións administrativas de contribuíntes e promove-la execución de obras ou o establecemento, ampliación ou mellora dos servicios municipais, comprometéndose a sufraga-la parte que corresponda aportar ó Concello cando a situación financeira deste non o permitira, ademais da que lle corresponda segundo a natureza da obra ou servicio.
2. Igualmente, os propietarios ou titulares afectados pola realización das obras ou o establecemento ou ampliación de servicios promovidos por este Concello, poderán constituirse en Asociacións administrativas de contribuíntes durante o prazo de exposición pública do acordo de ordenación das Contribucións Especiais.
3. Para que proceda a constitución das Asociacións administrativas de contribuíntes á que fixemos referencia no apartado anterior, deberá acordarse pola maioría absoluta dos afectados sempre que representen alomenos, os dous tercios das cotas que deban satisfacerse.

#### Artigo 15

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

### DISPOSICIÓN FINAIS

#### Primeira

As cantidades recadadas por Contribucións Especiais só poderán destinarse a sufragar os gastos da obra ou do servicio pola razón que fora esixida.

#### Segunda

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro da presente Ordenanza no “Boletín Oficial da Provincia” entrará en vigor, con efecto de **1 de xaneiro de 1990**, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

**NOTA ADICIONAL:** Esta Ordenanza foi aprobada definitivamente polo Concello Pleno en Sesión celebrada o día **18 de decembro de 1989**

#### Datos anteriores:

BOP: 1989

#### Data modificación actual:

PUBLICADO BOP (reordenación ordenanzas): 30/12/2013